

""CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DAS "ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "VILALONGA" MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN""

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN), TRAMITACIÓN ORDINARIA.

1.-OBJECTO DO CONTRATO: A xestión do servizo das **"ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "O REVEL"** mediante a modalidade de concesión conforme ao descrito neste prego, no Proxecto Municipal de Explotación (en diante Proxecto), que tamén inclúe o prego de prescricións técnicas, documentos todos eles que teñen carácter contractual. A xestión terá que axustarse ao disposto no Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, a normativa sectorial vixente na materia e as ordenes que se xiren ao concesionario en execución do contrato. No caso de existir discrepancias entre o disposto no Proxecto e o prego de cláusulas administrativas particulares estarase ao disposto neste último. A codificación, correspondente á nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades (CPA-2002,) é **85.10.10**. Así mesmo a codificación, correspondente ao Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é **80110000-8**.

2.-ORZAMENTO MÁXIMO DA LICITACIÓN POR ANO E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: Sinálase como orzamento máximo de **licitación por ano** (12 meses), a cantidade de **479.960 euros** e **por mes 39.996,67 euros**.

O valor estimado do contrato, ao longo da súa duración (47 meses, sen posibilidade de prórroga) é de 1.879.843,30 euros.

As ofertas dos licitadores, en canto ao prezo, serán, a baixa do importe do orzamento máximo de licitación por ano (12 meses), **(479.960 euros)**.

3.-FINANCIAMENTO: Para atender ás obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento deste contrato, dotaranse de crédito suficiente no presuposto do ano 2017 e sucesivos durante a duración do contrato, as aplicacións que correspondan.

A adxudicación queda sometida a condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do

INTERVENCIÓN XERAL
CONCELLO DE SANXENXO

15 NOV 2016

contrato no exercicio correspondente.

4.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalguna das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), debendo estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Consellería competente en materia de asuntos sociais da Xunta de Galicia, dentro da área de infancia, conforme ao descrito no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, que regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia e acrediten a súa solvencia económica - financeira e técnica - profesional.

5.-MODALIDADE DA XESTIÓN, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O presente contrato adopta a modalidade de concesión, mediante a que o empresario xestiona o servizo ao seu risco e ventura, de acordo co disposto no art. 277 a) do TRLCSP.

A adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración).

O órgano de contratación é a **Alcaldía**, por aplicación do estipulado na Disposición Adicional 2ª 1 e 2 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), **ao tratarse dun contrato que non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto**, nin a contía de **6.000.000,00 €**, sendo a súa duración **non superior a 4 anos**.

6.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: O prazo de presentación de proposicións será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante BOP), Diario Oficial de Galicia (en diante DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, **www.sanxenxo.es** (en diante perfil do contratante). O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, das **9 ás 14 horas, de luns a venres**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte.

Poderanse presentar, dentro do prazo citado no primeiro parágrafo desta cláusula, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resgardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposta. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

7.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: A presentación da proposta presupón a aceptación incondicional polo licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante.

As propostas constarán de **TRES (3)** sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar mais que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de **"DECLARACIÓN RESPONSABLE"**, incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo I** deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato co Concello a data da finalización do prazo de presentación das proposicións e que, se recae ao seu favor á proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 15ª** deste prego no prazo que nesa cláusula se sinala, especialmente as condicións de solvencia.

Ademais deberá aportar neste sobre A a acreditación de estar debidamente inscrito o licitador no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Consellería competente en materia de asuntos sociais da Xunta de Galicia, dentro da área de infancia, conforme ao descrito no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, que regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.

Faise constar que a data para apreciar a concorrencia dos requisitos

de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración, será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar en calquera momento anterior á proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

No SOBRE "B" e baixo denominación **"OFERTA. CRITERIOS DEPENDENTES DE XUIZO DE VALOR"**, realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no anexo II deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a selección do contratista que figura na **cláusula 8ª** deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

No SOBRE "C" e baixo denominación **"OFERTA.CRITERIO AVALIABLE AUTOMATICAMENTE"** realizarase a oferta de acordo co modelo que figura no anexo III deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta ao criterio para a selección do contratista que figura na cláusula 9ª deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

8.-CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR.MEMORIA DE XESTIÓN DO SERVIZO: Valorarase ata un máximo de **SETENTA (70) PUNTOS**.A estes efectos os licitadores deberán presentar unha Memoria de Prestación do Servizo, que se dividirá nos APARTADOS que se detallan a continuación, para que poida puntuarse conforme a puntuación para cada un deles que de seguido se sinala:

APARTADOS DA MEMORIA DE XESTIÓN DO SERVIZO	
Proxecto educativo	10 puntos
Atención á diversidade	5 puntos
Organización temporal, espacial e dos recursos humanos nos momentos de alimentación, hixiene e descanso e en xeral, no conxunto da xornada das escolas infantís	5 puntos
Servizo de cociña e comedor	9 puntos
Relación e comunicación coas familias	3 puntos
Plan de mantemento e limpeza das instalacións	10 puntos
Incremento de contratación de persoal de atención	20 puntos

educativa con respecto ao que figura no PPT, con mención da categoría profesional do persoal a contratar e do número de horas mensuais que este incremento de contratación supón.	
Medios materiais e didácticos que complementan o funcionamento das escolas infantís (valorados economicamente).	8 puntos

A non presentación da memoria, tal e como se sinala neste parágrafo, determinará que a puntuación por este criterio sexa de **0 PUNTOS**.

9.-CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE AUTOMATICAMENTE:
Será o seguinte que se valorará e ponderará como a continuación se sinala:

-Prezo. Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación, por ano (12 meses), **(479.960,00 €)** que figura na cláusula 2ª deste prego. Valorarase ata un máximo de **TRINTA (30) PUNTOS**. Para a determinación da puntuación que, no seu caso, corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa a que correspondería a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). A continuación calcularase a porcentaxe de baixa de cada unha das ofertas presentadas. As ofertas que igualasen ou superasen a referida porcentaxe de baixa terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterá a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa a que corresponda a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC. As porcentaxes e as puntuacións calcularanse con dous decimais. As ofertas que non baixen do prezo tipo puntuaran **CERO (0)** por este criterio. En caso de que o licitador non o puntualizase, entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

10.-MESA DE CONTRATACIÓN: A presidirá o Sr. Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue e, de conformidade coa Disposición Adicional 2ª do TRLCSP, asistirán, en calidade de vocais, o/a Concelleiro/a Delegado/a por razón da materia, outros/as dous concelleiros/as nomeados pola Alcaldía, o Secretario da Corporación e o Interventor como vocais. Actuará como Secretario un funcionario/a designado pola Alcaldía. A composición da Mesa de Contratación (en diante Mesa) publicárase no perfil do contratante cunha antelación mínima de **SETE (7) DÍAS NATURAIS** con respecto a súa data de constitución.


A Mesa poderá solicitar asesoramento externo para a avaliación das proposicións presentadas.

11.-CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DO SOBRE "A" E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN INCLUÍDA NO MESMO: Concluído o prazo de presentación de proposicións e coa documentación presentada conforme ao disposto neste prego, a Mesa constituirase, en sesión non pública, na sala da xuntas do Concello, as **DEZ (10) HORAS** do **PRIMEIRO DÍA HÁBIL** seguinte a data do remate do prazo de presentación de proposicións ou da presentación da derradeira proposición enviada por correo se, previamente, se comunicase a remisión de proposicións por este medio no senso indicado na cláusula 6ª deste prego. No suposto de que o día de celebración da sesión constitutiva coincidise en venres a reunión sería as **NOVE (9) HORAS**. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de distintos procedementos de adxudicación as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado. Nesta primeira reunión a Mesa, logo de constituírse, procederá á apertura do **SOBRE "A"** e a cualificación da documentación aportada polos licitadores no mesmo.

Se a Mesa observara defectos ou omisións subsandables na documentación presentada no **SOBRE "A"** o comunicará verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica e procederá a publicalo no perfil do contratante, concedéndose un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS**, contado a partir da práctica da comunicación, ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixan ou emenden os defectos ou omisións.

No suposto da existencia de defectos ou omisións subsandables a Mesa, na sesión na que se procederá a apertura do **SOBRE "B"**, con carácter previo a este acto e, antes de que a reunión sexa pública, cualificará definitivamente a documentación presentada no **SOBRE "A"** e pronunciarase expresamente sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e as causas do rexeitamento.

12.-APERTURA E VALORACIÓN DO SOBRE "B". APERTURA DO SOBRE "C" VALORACIÓN DO SOBRE "C" E TOTAL DAS PROPOSTAS: A Mesa, logo de cualificar definitivamente a documentación presentada no **SOBRE "A"**, no caso de que existise ese prazo de emenda e a partir dese momento con carácter público, dará conta dos incidentes da cualificación da documentación presentada no **SOBRE "A"** e, a continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do **SOBRE "B"** e dará lectura das proposicións formuladas neles. A apertura do **SOBRE "B"** celebrárase na Sala de Xuntas do Concello ás **DEZ (10) HORAS** do **TERCEIRO DÍA NATURAL** seguinte a data da apertura do **SOBRE "A"**. No caso de que este día coincidise en día inhábil, esta sesión celebraríase o seguinte día hábil na mesma hora e lugar. No suposto de que a data da celebración desta sesión coincidise en venres a reunión será as **NOVE (9) HORAS**. Se a mesma hora coincidisen diversas reunións de Mesas de




distintos procedementos de adxudicación as reunións comezaran polo expediente de maior contía do orzamento máximo de licitación e seguiran, cando rematase a anterior, pola orde de maior a menor contía polo concepto citado.

A atribución da puntuación pola documentación incluída no SOBRE "B" a realizará un Comité de Expertos (en diante Comité) composto de tres membros nomeado por resolución da Alcaldía de entre o persoal ao servizo do Concello ou de calquera dos seus organismos autónomos que teña cualificación profesional adecuada en razón da materia obxecto da contratación, publicándose a súa composición no perfil do contratante con carácter previo a apertura do **SOBRE "B"**. O Comité terá un prazo máximo de **CINCO (5) DÍAS NATURAIS**, contado desde o seguinte ao da entrega a calquera dos seus membros da documentación do **SOBRE "B"**, para presentar por escrito un informe no que conste a valoración daquel, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na **cláusula 8ª** deste prego e o límite mínimo 0 puntos. Ademais da valoración o Comité, no seu informe, determinará si na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na **cláusula 8ª** deste prego. Unha vez realizado o informe de valoración, asinado por tódolos membros do Comité, entregárase ao Secretario da Mesa de Contratación.

Unha vez emitido o informe técnico a Mesa, nunha reunión que, no que respecta a este acto, non terá carácter público, valorará a documentación incluída no **SOBRE "B"**.

A sesión onde se realizarán todos os actos sinalados no enunciado desta cláusula, agás o referente a valoración do **SOBRE "B"**, que pode ou non efectuarse nesta mesma reunión da Mesa, celebrárase na sala da xuntas do Concello, na data e hora que se publicará no perfil do contratante, cunha antelación mínima á súa celebración de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES**, e comezará, con carácter público, coa posta en coñecemento da valoración da documentación incluída no **SOBRE "B"** e proseguirá coa apertura do **SOBRE "C"** e a lectura das proposicións formuladas neles.



Unha vez realizada a apertura do **SOBRE "C"** e no suposto de que houbera asistentes a reunión que non formen parte da Mesa, a sesión continuará, con carácter non público, para que a Mesa proceda, mediante a aplicación automática do criterio descrito na **cláusula 9ª** deste prego, á valoración da documentación incluída no **SOBRE "C"** e a determinación da puntuación total mediante a suma das valoracións outorgadas aos dous **SOBRES**, clasificando todas as propostas na orde decrecente de maior a menor puntuación. Ao non ter carácter público estes actos a Presidencia da Mesa, unha vez realizada a apertura do **SOBRE "C"**, invitará aos asistentes a reunión que non sexan membros da Mesa, a ausentarse da sesión, comunicándolles que a sesión



volverá ter carácter público unha vez transcorrido o prazo que sinalará a propia Presidencia para que a Mesa proceda a efectuar as valoracións sinaladas neste parágrafo, tendo en conta o número de ofertas presentadas, os criterios a empregar e a complexidade da súa aplicación e que non poderá exceder de **DUAS (2) HORAS**.

No suposto de que non houbese asistentes a reunión que non formen parte da Mesa, na posta en coñecemento da puntuación outorgada a documentación incluída no **SOBRE "B"** e na apertura do **SOBRE "C"**, a reunión continuará, con carácter non público, ata que a Mesa proceda, mediante a aplicación automática do criterio descrito na **cláusula 9ª** deste prego, á valoración da documentación incluída no **SOBRE "C"** e a determinación da puntuación total mediante a suma das valoracións outorgadas aos dous **SOBRES**, clasificando todas as propostas na orde decrecente de maior a menor puntuación e, unha vez efectuadas estas operacións, sen necesidade de respectar ningún prazo, a sesión seguirá con carácter público e procederase conforme ao sinalado nos parágrafos seguintes desta cláusula.

Coa sesión con carácter público polo Secretario da Mesa darase lectura á valoración total das ofertas, informando que se formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta con maior puntuación total. En caso de existir empate nas ofertas, decidírase a oferta sobre a que se formulará proposta de adxudicación mediante sorteo que se celebrará ante a Mesa nese mesmo acto e con carácter público.

A continuación polo Secretario da Mesa invítase aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES** seguintes á celebración desta sesión e que se dirixirán ao órgano de contratación.

A reunión da Mesa finalizará, con carácter non público, coa proposta de adxudicación do contrato ao licitador que presente a proposta con maior puntuación total.

13. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:

Unha vez realizada a valoración pola Mesa, o órgano de contratación procederá a apreciar se existen valores desproporcionados ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

14.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, INCLUÍDA A GARANTÍA:

O órgano de contratación requirirá ao licitador que obteña a maior puntuación

para que presente no prazo de **DEZ (10) DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade esixidos para contratar coa Administración (documentación correspondente a todos os puntos agás o 8º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), **será o da finalización do prazo de presentación das proposicións e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.**

Os documentos a presentar, que deberán ser orixinais, admitíndose fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais, son os seguintes.

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: Número do Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastantado polo Secretario Xeral do ente contratante.

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no anexo IV deste prego, de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores.



4.-Solvencias:

a) Económica-financeira: Acreditarase mediante o volumen anual de negocios, referido ao ano de maior volumen dentro dos TRES (3) últimos exercizos, por importe igual ou superior á 719.940 €/ano (sen IVE). A estes efectos o licitador proposto para a adxudicación presentará copia das súas Contas Anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil. Non será necesario acreditar esta solvencia se o licitador esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Técnica-profesional: Acreditarase mediante a presentación polo licitador dunha relación dos principais servizos, que incluírá importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos, realizados nos últimos CINCO (5) ANOS anteriores á data finalización do prazo de presentación de ofertas desta licitación, debendo acreditar o licitador como executado en servizos de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, tomando como criterio de correspondencia entre os servizos executados polo licitador e os que constitúen o obxecto do contrato, a pertenza ao mesmo subgrupo de clasificación para o CPV 80110000 ou a igualdade entre os dous primeiros díxitos do CPV 80 durante o ano de maior execución do período citado, un importe igual ou superior a 1.315.890,30 € sen IVE. Os servizos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

5.-Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2, 3 e 4. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no anexo VI deste prego, do licitador na que se manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.



6.-Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE-, Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e Concello/Terra) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentátese a alta, referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.

7.-Garantía definitiva: Do 5% do prezo de adxudicación pola totalidade da duración do contrato

8.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

9.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira



admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b)Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado se entenderá que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte na clasificación, sempre que esta última oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal.

15.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: O prazo máximo de adxudicación do contrato é de **DOUS (2) MESES** a contar dende a apertura do **SOBRE "A"** das proposicións, agás que se produza a ampliación de prazo prevista para o suposto de tramitación do procedemento do art. 152 do TRLCSP pola identificación da proposición máis valorada como anormal ou desproporcionada. De non producirse a adxudicación nos prazos sinalados anteriormente, os licitadores terán dereito a retirar súa proposición.

O órgano de contratación, dentro dos **CINCO (5) DIAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará de xeito motivado o contrato.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, ao mesmo tempo, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe procederse a formalización do contrato.

16.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

17.-DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato.

A Administración non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD).

O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incurrir.

O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Trixésimo Sexta do TRLCSP.

18.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS DO MESMO: O prazo de duración do contrato, logo da súa formalización é de **CORENTA E SETE (47) MESES**, que comezarán a contar dende a data de efectiva prestación do servizo que non poderá tardar mais de **QUINCE (15) DÍAS** dende a firma do contrato, agás que este retraso se deba a causas non imputables ao contratista. En todo caso levantarase acta do comezo efectivo de prestación do servizo polo concesionario.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán efectuarse cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co



art. 211 do mesmo texto legal. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá readaptarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse en documento administrativo.

19.- EQUILIBRIO ECONÓMICO DA CONCESIÓN E REVISIÓN DE PREZOS: O Concello de Sanxenxo, de conformidade co establecido no art.127 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (en diante RSCL), aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, comprométese a manter durante a vixencia do contrato o equilibrio económico-financeiro da concesión, segundo os seguintes datos económicos e regras:

Parámetro do prezo inicial ofertado. Percepción do prezo da concesión. Redución por menor gasto salarial.

- O Prezo de liquidación anual dependerá da xustificación do gasto salarial en nómina e pagos acreditativos a Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao fin de amosar a cifra de custo ofertada no estudio da oferta que resulte adxudicataria. Só teranse en conta as reducións (aos efectos de diminuír o prezo anual do contrato en liquidación), non os incrementos a salvo tarefas a maiores das establecidas nos pregos de condicións técnicas e no proxecto de concesión, introducidas **pola vontade unilateral da Administración.**

Principio de risco e ventura contractual:

- Este principio que operará en calquera suposto deberá quedar limitado polos seguintes factores :
- O prezo do contrato é inalterable como consecuencia da alteración dos prezos dos custos variables e da evolución dos custos salariais, a salvo que estes se incrementen en unidades económicas constantes do ano "0" da concesión, segundo o sistema matemático financeiro de números índices en mais dun 15% interanual (non acumulativo). Estes incrementos deben operar por determinación legal.
- O prezo inicial é inalterable como consecuencia das variacións dos tipos de cotización a Seguridade Social.
- O prezo inicial é inalterable como consecuencia da alteración da imposición estatal e autonómica.
- O prezo inicial do contrato é inalterable pola alteración dos tipos de xuros no mercado financeiro e demais elementos de natureza financeira.

Revisión do prezo do contrato: dado o reducido prazo de dutación do contrato, este non é susceptible de revisión de prezos.

20.- EXECUCIÓN DO CONTRATO E POTESTADES DO CONCELLO: O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste prego de cláusulas administrativas particulares, no de prescricións técnicas, no proxecto, na propia oferta do contratista, ao disposto no Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, a normativa sectorial vixente nesta materia e as ordenes que se lle xiren ao concesionario en execución do contrato.


O Concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar o perfecto desenvolvemento dos servizos, mantendo a súa titularidade, configurándose como potestades básicas as seguintes:

- Inspección do servizo ao longo da duración do contrato.
- Xirar ordenes ao concesionario.
- Sancionar ao concesionario conforme ao disposto neste prego.
- Rescatar a concesión dos servizos.
- Declarar a caducidade da concesión dos servizos.
- Dispoñer a intervención dos servizos.

Aos efectos anteriores o Concello terá libre acceso as edificacións, instalacións e dependencias afectadas ao servizo e poderá solicitar do concesionario, e este verase obrigado a subministrarllos, cantos datos e informacións se lle requiran.

21.- DEREITOS DO CONTRATISTA: O contratista terá dereito:

- A percibir o prezo do contrato conforme ao sinalado neste prego e no TRLCSP.
- Á revisión de prezos nos termos a que se refire a cláusula correspondente deste prego.
- O contratista obterá a adecuada compensación económica para manter o equilibrio económico da concesión conforme ao disposto na cláusula correspondente deste prego.
- O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.
- Á devolución da garantía definitiva, unha vez executado o contrato, aprobada súa liquidación e transcorrido o prazo de garantía sen que resultasen responsabilidades que houberen de exercitarse sobre a mesma.
- A exercitar o dereito á resolución do contrato polas causas recollidas nos artigos 223 e 286 do TRLCSP, cos efectos sinalados nos artigos 225 e 288 do mesmo.
- A percibir indemnizacións polos danos e prexuízos derivados da resolución do contrato polo incumprimento do Concello.





22.- DEBERES DO CONTRATISTA: Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato e das establecidas no Proxecto e no prego de prescricións técnicas, as obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Executar o contrato de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares, co de prescricións técnicas, co Proxecto, coa propia oferta do contratista, co disposto no Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, a normativa sectorial vixente nesta materia e as ordenes xiradas ao concesionario.
- Coidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos ao Concello.
- Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por se ou polo persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Tampouco terá dereito a indemnización algunha por extinción da concesión ó cumprirse o prazo de vixencia da mesma.
- Serán a cargo do contratista o pago dos anuncios e de cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos actos preparatorios e de formalización do contrato, ata o límite máximo fixado na cláusula correspondente.
- Todos os gastos de comprobación, dirección, inspección e liquidación do contrato serán por conta do contratista.
- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.
- O contratista contará coa organización técnica, económica e co persoal necesario para a execución do contrato, que dependerá exclusivamente del, sendo o órgano de contratación totalmente alleo ás relacións laborais. O adxudicatario procederá inmediatamente, se fose necesario, á substitución do persoal, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada. O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, sen que en ningún caso poida alegarse dereito algún de dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados. Así mesmo o adxudicatario queda sometido ao cumprimento da lexislación que poida promulgarse durante a execución do contrato e que lle sexa de aplicación ao mesmo. Á extinción do contrato non poderá producirse, en ningún caso, a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello.
- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais o materiais aos que se comprometeu en virtude do sinalado no prego de cláusulas administrativas particulares, no de prescricións técnicas, no Proxecto e na propia oferta do contratista, esta obriga considérase esencial (artigo 64 do TRLCSP).



- O contratista **está** obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 289 do TRLCSP para os supostos de subcontratación.
- Aboar os impostos, dereitos, taxas, compensacións, prezos públicos e demais gravames e exaccións que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, con ocasión ou como consecuencia do contrato ou da súa execución.
- Aboar calquera outro gasto que, para a execución do obxecto do contrato, estea incluído no prego de cláusulas administrativas particulares, no de prescricións técnicas, no Proxecto e na propia oferta do contratista.
- Dispoñer dunha póliza de seguro que cubra os riscos derivados do funcionamento do servizo, sen prexuízo de facerse cargo da totalidade dos gastos e indemnizacións derivados do risco, no caso de serlle imputable.
- Presentar todos os anos contas de explotación dos servizos antes do 1 de abril do ano posterior ao peche de cada exercicio. Ademais estarán suxeitos a presentación de xustificantes de custos salariais e sociais cada mes, debendo presentalos antes do quince do mes seguinte ao que se refiren.
- O contratista **está** obrigado a conservar en perfectas condicións os locais, instalacións, mobles e aparellos, sendo da súa conta as reparacións que se efectúen. Ademais deberán abonar os desperfectos que se observen ao remate do contrato e excedan do deterioro normal derivado do uso coidadoso. Dará coñecemento das reparacións a efectuar con eles, que serán ao seu cargo. Caso contrario a Administración procederá as reparacións ou reposicións a que houbera lugar con cargo á garantía. A Administración resérvase a facultade de inspeccionar o estado de conservación dos citados aparatos ou instalacións, para comprobar a efectividade das operacións de mantemento. Se estas non se realizaran ou o foran de xeito deficiente, poderán ordenar a súa execución ou corrección a cargo do contratista. O concesionario deberá asegurar o inmovilizado material e o equipamento contra os diversos riscos, entre eles os de incendio e roubo.
- O contratista asumirá o persoal para a prestación deste servizo e que se detalla no **Proxecto de explotación**.

23.- RÉXIME SANCIONADOR POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO:

Para efectos contractuais considerárase falta toda acción ou omisión do contratista que supoña un quebranto das esixencias específicas do contrato e que darán lugar a imposición das sancións que se citan nesta cláusula, todo elo independentemente do disposto neste prego respecto da intervención, resolución e caducidade da concesión.

As faltas que puidese cometer o contratista clasificaranse, segundo a súa transcendencia, en leves, graves e moi graves, de acordo aos criterios que a continuación se citan, xunto co importe da sanción aplicable a cada tipo de falta:

Considéranse moi graves as seguintes faltas:



- 1) O non cumprimento das condicións da prestación do servizo establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares, no de prescricións técnicas, no proxecto, na oferta presentada polo adxudicatario e demais normativa aplicable, que teñan consecuencias prexudiciais graves na prestación do servizo aos usuarios das instalacións adscritas ao mesmo.
- 2) O non cumprimento por parte do concesionario da normativa en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento.
- 3) O cobramento de tarifas polo servizo de escola infantil, superior ás aprobados polo Concello.
- 4) Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte dos servizos obxecto da concesión, baixo calquera modalidade ou título, sen autorización expresa previa do Concello.
- 5) As interrupcións ou suspensións na prestación do servizo aos usuarios, en máis de cinco horas consecutivas ou sete alternas sen xustificación, salvo cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior.
- 6) O non cumprimento da obriga do concesionario de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ao servizo, sempre e cando se lle notificara ao concesionario o correspondente requirimento municipal para subsanar estas circunstancias e non fora atendido no prazo dun mes.
- 7) O non cumprimento reiterado das ordenes do Concello para a prestación do servizo.
- 8) Falsear a información a subministrar ao órgano de control do Concello, conforme co disposto neste prego.
- 9) Non atender as normas, disposicións ou resolucións administrativas emanadas de autoridades sanitarias competentes na materia.
- 10) A falta de contratación ou renovación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades do contratista.
- 11) A reiteración de tres ou máis infraccións graves en período de seis meses.
- 12) Maltratar aos nenos.

Considéranse infraccións graves as seguintes:

- 1) O non cumprimento da obriga do mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ao servizo, agás que tivese carácter moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- 2) O non cumprimento das condicións da prestación do servizo establecidas no presente prego, no proxecto, no prego de prescricións técnicas, na oferta do adxudicatario e demais normativa aplicable, agás que tivesen carácter moi grave de acordo ao disposto no apartado anterior.
- 3) A obstrución por parte do concesionario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificado como moi grave.
- 4) A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.
- 5) A falta de limpeza na escola infantil.
- 6) A non presentación das contas de explotación dos servizos nos prazos sinalados neste prego.

Consideráranse faltas leves todas as demais non cualificadas como graves ou moi graves e que supoñan o incumprimento das condicións estipuladas na concesión.

Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, a Alcaldía porá os feitos en coñecemento das autoridades xudiciais competentes.

SANCIÓNS

As infraccións cometidas polo concesionario sancionaranse como se segue:

- a) As faltas moi graves poderán sancionarse con multas cuxa contía oscilará entre 3.006,00 euros e 6.010,00 euros ou declarar a resolución da concesión, sanción esta última que, en todo caso, aplicárase necesariamente nos supostos previstos na normativa aplicable.
- b) As infraccións graves, poderán sancionarse con multas cuxa contía oscilará entre 1.503,00 euros e 3.005,00 euros.
- c) As infraccións leves poderán sancionarse con multas cuxa contía non poderá exceder de 1.502,00 euros.

As sancións impóranse, logo da tramitación do correspondente expediente conforme ao disposto na normativa do procedemento administrativo sancionador, por resolución da Alcaldía. Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía cando non poidan deducirse da primeira forma citada neste artigo.

Si do incumprimento do contratista se derivase perturbación do servizo grave e non reparable por outros medios e o Concello non decidise a resolución do contrato, ademais da sanción, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza.

A acumulación de sancións por faltas moi graves (tres ao longo da duración do contrato), poderá dar lugar a que o órgano de contratación proceda a declarar a caducidade da concesión, que deberá, en todo caso, aterse ao establecido no RSCL.

24.-PAGAMENTO DO PREZO DO CONTRATO: As facturas correspondentes ao cumprimento do contrato aboaranse, previa conformidade do concelleiro/a responsable do servizo, dentro do prazo estipulado pola lexislación vixente.

O importe de cada factura ascenderá á duodécima parte do importe anual de adxudicación ou ao pro rateo correspondente se se trata dun mes incompleto.

Nas facturas deberán figurar necesariamente os seguintes datos: número de factura, data, nome, dirección, CIF e firma do contratista.

A factura deberá reunir os requisitos da factura electrónica, de acordo co disposto na Lei 25/2013 e deberá estar rexistrada correctamente no portal de entrada do Estado (FACE).

Reunidos todos os requisitos anteriores, e previo o correspondente informe técnico e de fiscalización, a factura será aprobada por parte do órgano de contratación.

25.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN: Polo que respecta a cesión do contrato, estarase ao disposto nos artigos 226 e 227 do TRLCSP, mentres que a subcontratación só poderá recaer sobre prestacións accesorias (artigo 289 do TRLCSP).



26.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN. INTERVENCIÓN, CADUCIDADE E RESCATE DA CONCESIÓN: Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos artigos. 223 e 286 do TRLCSP, que acordarase na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos artigos 225 e 288 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do

contratista das obrigas asumidas na súa oferta.

Si do incumprimento do contratista se derivase perturbación do servizo grave e non reparable por outros medios e o Concello non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá aboar ao Concello os danos e prexuízos que lle causase (art.285 do TRLCSP).O Concello encargarse directamente do servizo utilizando o mesmo material e persoal do concesionario, sen poder alterar as condicións da súa prestación. A explotación farase pola conta e risco do concesionario, a quen entregaráse, ao remate do secuestro, o saldo activo que resultase despois de satisfacer todos os gastos.

O órgano de contratación poderá declarar a caducidade da concesión si, levantada a intervención desta, o contratista volvera a incorrer nas infraccións que a causaran ou noutras similares.Tamén poderá declararse a caducidade polo incumprimento das obrigas esenciais do contratista. A caducidade declararase seguindo os trámites previstos no RSCL e cos efectos indicados no artigo 137 deste texto legal.

De conformidade co disposto non art.287 do TRLCSP, o Concello poderá acordar o rescate do servizo para xestionalo directamente por razóns de interese público.

27.-PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA: A garantía durará ata que transcorra **UN (1) ANO** dende a data de finalización da xestión do servizo, período durante o cal o Concello poderá comprobar que o servizo se xestionou de conformidade ao estipulado no contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares, no de prescricións técnicas, no Proxecto, na propia oferta do contratista, o disposto no Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, a normativa sectorial vixente nesta materia e as ordenes que se lle xiren ao concesionario en execución do contrato.Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularen reparos ao servizo xestionado quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incorrer, de acordo co establecido no presente prego.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades a exercer sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen mais demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades ás que se



refire o artigo 100 do TRLCSP.

28.-RESPONSABLE DO CONTRATO: A efectos do disposto no artigo 52 do TRLCSP será responsable do contrato o/a titular da concellería da área na que se inclúa este servizo.

29.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA: Serán da súa conta os seguintes gastos:

- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licenzas e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
- b) Asumir o pagamento do IVE.
- c) No seu caso, os da formalización pública do contrato de adxudicación.
- d) Os gastos dos anuncios da licitación no DOG e no BOPPO e, se procedese, os de adxudicación, ata un máximo de **TRES MIL(3.000,00) €**.

30.-REXIME XURÍDICO: O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSP, RXC, R.D.817/2.009, do 8 de maio, RD 1098/2001, do 12 de outubro, RD 773/2015, do 28 de agosto); con carácter supletorio aplicásenlle as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, resolveranse polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativa conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

SANXENXO, 15 de novembro de 2.016.
A ALCALDE



[Handwritten signature]
Gonzalo Gonzalo Pita

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR CO CONCELLO DE SANXENXO. (incluír no SOBRE "A")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa
proposta para participar no procedemento de **CONTRATACIÓN DA XESTIÓN
DO SERVIZO DAS "ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E
DE "O REVEL" MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN, DECLARO** o
seguinte:

- a) Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato co Concello de Sanxenxo" e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 14ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 14ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requirido para iso polo órgano de contratación.
- b) Que o licitador autoriza á administración contratante a consultar datos que obren no seu poder ou no de outras administración, aos efectos de comprobación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Que o licitador non ten vinculación con ningunha empresa. No caso de que si exista vinculación, declaro que as empresas coas que existe vinculación son as seguintes:

-
-
-

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO II

MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "B" (CRITERIO DEPENDENTE DE XUIZO DE VALOR)

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, para os efectos de incorporar a súa proposta para participar no procedemento de contratación, mediante a modalidade de concesión, da xestión do servizo das **"ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "O REVEL"**, comprométese a xestionalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas, ao Proxecto Municipal de Explotación, ao disposto no Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, a normativa sectorial vixente nesta materia, as ordenes que se lle xiren ao concesionario en execución do contrato e a presente oferta que se axusta ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 8ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

-Memoria de Xestión do Servizo dividida nos seguintes apartados: Proxecto educativo; Atención á diversidade; Organización temporal, espacial e dos recursos humanos nos momentos de alimentación, hixiene e descanso e en xeral, no conxunto da xornada das escolas infantís; Servizo de cociña e comedor; Relación e comunicación coas familias; Plan de mantemento e limpeza das instalacións; Incremento de contratación de persoal de atención educativa con respecto ao que figura no PPT, con mención da categoría profesional do persoal a contratar e do número de horas mensuais que este incremento de contratación supón; Medios materiais e didácticos que complementan o funcionamento das escolas infantís (valorados economicamente).

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO III

MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE "C" (CRITERIO DE ADXUDICACIÓN AVALIABLE MATEMÁTICAMENTE)

D -----, DNI nº ----- e enderezo en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, para os efectos de incorporar a súa proposta para participar no procedemento de contratación, mediante a modalidade de concesión, da xestión do servizo das **"ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "O REVEL"**, comprométese a xestionalo con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao de prescricións técnicas, ao Proxecto Municipal de Explotación, ao disposto no Regulamento de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais, a normativa sectorial vixente nesta materia, as ordenes que se lle xiren ao concesionario en execución do contrato e a presente oferta que se axusta ao criterio de adxudicación fixado na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas particulares:

-Prezo: Ofrezco a xestión do servizo das **"ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "O REVEL"**, mediante a modalidade de concesión administrativa polo seguinte prezo que non supera a cantidade de **479.960 €**, correspondente ao orzamento máximo de licitación por ano (12 meses), que figura na cláusula 2ª do prego de cláusulas administrativas particulares:

_____ (en número e letra) €

O que supón a seguinte baixa total respecto do orzamento de licitación por ano (12 meses), de _____ (en número e letra) €.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica -----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato da xestión do servizo das **"ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "O REVEL"**, DECLARO o seguinte:

-Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato e tan só no suposto de que o licitador acredítase condicións de capacidade e solvencia mediante a presentación dun certificado acreditativo de inscrición nun Rexistro Oficial de Licitadores.

D -----, DNI nº ----- e
endereço en -----, en nome propio ou en
representación da persoa xurídica -----,
CIF nº-----, para os efectos de incorporar á súa proposta para
participar no procedemento de contratación, mediante a modalidade
de concesión, da xestión do servizo das **"ESCOLAS INFANTÍS
MUNICIPAIS DE "O TOMBO" E DE "O REVEL"**, **DECLARO** o seguinte:

-Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de
inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de
Galicia) que se acompaña na proposta non experimentaron variación dende a
data da súa expedición

(Lugar, data e sinatura do proponente)